



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL  
REGISTRO GENERAL

09 ABR. 2024 19:03:43

Entrada **20207**

# Pregunta novos cambios horarios servizos ferroviarios na Galiza

Competencia	Competencias de la Cámara
Subcompetencia	Control e información
Tipo Expediente	184-Pregunta al Gobierno con respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL

Diputado



## Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas aos novos cambios horarios nos servizos ferroviarios na Galiza.**

Desde o 8 de abril o tren que sae ás 7.13 horas de Vilagarcía en dirección a Santiago de Compostela adiantarase vinte minutos, obrigando ás persoas usuarias a madrugar máis para logo facer tempo no destino antes de entrar a traballar. Segundo explica Renfe este cambio débese ás obras na estación de Madrid Chamartín-Clara Campoamor e para facilitar a conexión da liña atlántica co tren que se dirixe a Ourense. Así, garántese que as e os usuarios de Pontevedra e Vilagarcía que van a Madrid, podan enlazar co Alvia de Ferrol e destino Madrid.

Trátase polo tanto nun novo cambio horario que prexudica os desprazamentos internos, as conexións entre as distintas cidades galegas para o día a día de galegos e galegas en beneficio das conexións con Madrid.

**Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:**

1. Considera oportuno prexudicar e empeorar os horarios de conexión interna entre as distintas vilas e cidades da Galiza que dan servizo aos desprazamentos diarios de traballadores e estudantes para beneficiar e priorizar as conexións entre Galiza e Madrid?



2. Trátase dun cambio horario temporal ou de carácter definitivo? Vaise repoñer o horario anterior unha vez rematen as obras esgrimidas como motivación?
3. Valora a adopción doutras medidas que faciliten os enlaces pero que manteñan horarios adecuados para a chegada a postos de traballo e lugares de estudo dos galegos e galegas?

Madrid, a 9 de abril de 2024

Néstor Rego Candamil

**Deputado do BNG no Congreso**



## **A LA MESA DEL CONGRESO**

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a los nuevos cambios horarios en los servicios ferroviarios de Galiza.**

Desde el 8 de abril el tren que sale a las 7.13 horas de Vilagarcía en dirección a Santiago de Compostela se adelantará veinte minutos, obligando a las personas usuarias a madrugar más para luego hacer tempo en destino antes de entrar a trabajar. Según explica Renfe este cambio se debe a las obras en la estación de Madrid Chamartín-Clara Campoamor y para facilitar la conexión de la línea atlántica con el tren que se dirige a Ourense. Así, se garantiza que las y los usuarios de Pontevedra y Vilagarcía que van a Madrid, puedan enlazar con el Alvia de Ferrol y destino Madrid.

Se trata, por lo tanto, de un nuevo cambio horario que perjudica los desplazamientos internos, las conexiones entre las distintas ciudades gallegas, para el día a día de gallegos y gallegas en beneficio de las conexiones con Madrid.

**Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:**

1. ¿Considera oportuno perjudicar y empeorar los horarios de conexión interna entre las distintas vilas y ciudades de Galiza que dan servicio a



los desplazamientos diarios de trabajadores y estudiantes para beneficiar y priorizar las conexiones entre Galiza e Madrid?

2. ¿Se trata de un cambio horario temporal o de carácter definitivo? ¿Se repondrá el horario anterior una vez que terminen las obras esgrimidas como motivación?
3. ¿Valora la adopción de otras medidas que faciliten los enlaces pero que mantengan horarios adecuados para la llegada a puestos de trabajo y lugares de estudio de gallegos y gallegas?

Madrid, a 9 de abril de 2024

Néstor Rego Candamil

**Diputado del BNG en el Congreso**